



OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2022
Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/a)

2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

1. Segundo a clasificación da Federación Internacional de Xinecoloxía e Obstetricia (FIGO) coa modificación da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia (SEGO) PALMA-ÍNDICE, as causas do sangrado menstrual anormal clasifícanse en dous grupos: estruturais e non estruturais. Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Son causas estruturais: pólipo, adenomiose, leiomioma e malignidade/hiperplasia.
- B) Son causas non estruturais: inespecífica/inclasificable, disfunción endócrina, iatroxenia, coagulopatía, endometrial.
- C) Son causas estruturais: pólipo, adenomiose, leiomioma e menopausia.
- D) Son causas estruturais: inespecífica/inclasificable, disfunción ovárica, iatroxenia, coagulopatía, endometrial.

2. A vascularización arterial da vaxina proven das seguintes arterias, EXCEPTO:

- A) Arteria ovárica.
- B) Arteria vaxinal.
- C) Arteria uterina.
- D) Arteria rectal media.

3. En relación á acreditación de unidades docentes e segundo o Real Decreto 450/2005, de 22 de abril, sobre especialidades de enfermería. Sinale a resposta INCORRECTA:

- A) A Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde coordinará as auditorías, informes e propostas necesarias para acreditar as unidades docentes e para avaliar o funcionamento e a calidade do sistema de formación, para o cal poderá recabar a colaboración das axencias de calidade das comunidades autónomas e dos seus servizos de inspección, así coma das entidades previstas no artigo 62.2 da lei 16/2003, de 28 de maio, de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Corresponde ao Ministerio de Sanidade e Consumo, a instancia da entidade ou entidades titulares da unidade, previos informes da súa Comisión de Docencia e da Consellería de Sanidade da comunidade autónoma, e dacordo cos informes e propostas ás que se refire o apartado anterior, resolver sobre as solicitudes de acreditación de unidades docentes.
- C) A acreditación especificará, en todo caso, o número de prazas docentes acreditadas.
- D) A renovación, total ou parcial, da acreditación concedida realizarase oídas unicamente as comunidades autónomas, sen ter en conta ás entidades titulares da unidade afectada e a súa Comisión de Docencia.

4. No período de alumeamento, o mecanismo polo que a placenta comeza a desprenderse pola súa zona central e a asomar entre os labios maiores vulvares presentando a súa face fetal denomínase:

- A) De Duncan.
- B) De Schroeder.
- C) De Mauriceau.
- D) De Schultze.

5. Sinale a resposta CORRECTA segundo o protocolo da Sociedade Española de Contracepción (SEC)

"Dispositivos intrauterinos liberadores de levonorgestrel. (DIU LNG)":

- A) O DIU Mirena contén 52 mg de levonorgestrel (LNG). Mantén unha liberación de 20 microgramos/día de LNG. Os fíos de extracción son marróns.
- B) O DIU LNG-19.5 mg (Kyleena) ten unha liberación de 12 microgramos/día de LNG. O eixe vertical do corpo da T ten un anel de prata situado cerca dos brazos horizontais, permitindo a súa visibilidade nunha ecografía (ao igual que o DIU LNG-13.5 mg). Os fíos de extracción son azuis para diferenciarlos do DIU LNG-13.5 (Jaydess).
- C) O DIU LNG - 13.5 mg (Jaydess) libera 8 microgramos/día de LNG. Os fíos de extracción son marróns para diferenciarlos do DIU LNG - 19.5 (Kyleena).
- D) Tódalas respostas anteriores son correctas.

6. Segundo o documento: "Violencia de xénero. Procedemento de cribado e actuación en saúde", editado polo Servizo Galego de Saúde. A quen se aplicará de maneira sistemática o cuestionario de cribado WAST (Woman Abuse Screening Tool) –versión curta?

- A) A todos os homes e mulleres que acudan á consulta.
- B) A todas as mulleres de 21 ou máis anos que acudan á consulta.
- C) A todas as mulleres de 15 ou máis anos que acudan á consulta.
- D) A todas as mulleres de 18 ou máis anos que acudan á consulta.

7. Segundo a "Oncoguía de cancro de endometrio 2023" da Sociedade Española de Obstetricia e Xinecología, sinale a resposta CORRECTA sobre o cribado poboacional de cancro de endometrio:

- A) Non existen estratexias de cribado poboacional eficientes e consensuadas.
- B) O estudo endometrial dirixido debe realizarse só ante a presenza de síntomas de sospeita.
- C) En pacientes asintomáticas non se recomenda a realización de ecografía transvaxinal.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

8. Segundo o documento "Proceso asistencial de consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal" do SERGAS, na consulta preconcepcional. Que recomendación fai respecto á suplementación con yoduro potásico?

- A) Suplementación con 100 microgramos de yoduro potásico ao día, polo menos un mes antes da concepción.
- B) Suplementación con 200 microgramos de yoduro potásico ao día, polo menos un mes antes da concepción.
- C) Suplementación con 200 microgramos de yoduro potásico ao día, polo menos tres meses antes da concepción.
- D) Suplementación con 100 microgramos de yoduro potásico ao día, polo menos tres meses antes da concepción.

9. Co obxectivo de sistematizar e estandarizar as lesións radiolóxicas observadas na mama utilízase a terminoloxía BIRADS (Breast Imaging Reporting And Data System). Sinale a resposta INCORRECTA:

- A) BIRADS 3: achado probablemente benigno, probabilidade de cancro menor de 2%.
- B) BIRADS 4A: achado con baixa sospeita de cancro, probabilidade de cancro maior de 2% e menor de 10%.
- C) BIRADS 4B: achado con alta sospeita de cancro, probabilidade de cancro maior de 50% e menor de 95%.
- D) BIRADS 5: achado altamente suxestivo de cancro, probabilidade de cancro maior do 95 %.

10. No parto de nádegas, a manobra usada para a extracción da cabeza fetal na que introduzo os dedos índice e medio da man dereita na boca do feto e a man esquerda colócoa sobre os ombreiros fetales, denomínase:

- A) Manobra de Muller.
- B) Manobra de Mauriceau.
- C) Manobra de Bracht.
- D) Manobra de Rojas.

11. Cal dos efectos da analxesia combinada (intradural–epidural) é FALSO?:

- A) Velocidade no establecemento do efecto analxésico.
- B) Maior incidencia de prurito.
- C) Maior retención urinaria comparada coa analxesia epidural tradicional.
- D) Mellor analxesia comparada coa analxesia epidural tradicional.

12. Sinala cal das seguintes características sobre a composición do costro é CERTA:

- A) Ten máis proteínas, menos lactosa e menos graxa que o leite maduro.
- B) Ten menos proteínas, menos lactosa e máis graxa que o leite maduro.
- C) Ten menos proteínas, máis lactosa e máis graxa que o leite maduro.
- D) Ten a mesma cantidade de proteínas, lactosa e graxa que o leite maduro.

13. Segundo o Decreto 38/2015, do 26 de Febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, os residuos de vacinas con axentes vivos ou atenuados, clasifícanse en cal das seguintes clases?

- A) Residuos clase II a.
- B) Residuos clase II b.
- C) Residuos clase III.
- D) Residuos clase IV.

14. Cal das seguintes NON é unha EDO (Enfermidade de declaración obrigatoria)?:

- A) Giardiase.
- B) Leishmaniose.
- C) Filariase.
- D) Hidatidose.

15. Segundo a Guía de práctica clínica de atención no embarazo e puerperio do Ministerio de Sanidade. Que escala recomenda utilizar para o diagnóstico da depresión postparto?

- A) Escala de Norton.
- B) Escala de Edinburgh.
- C) Escala de Braden.
- D) Escala de Glasgow.

16. O diámetro que a cabeza fetal mostra nunha presentación de sincipicio ou bregma é:

- A) Submentobregmático.
- B) Suboccipitobregmático.
- C) Occipitomentoniano.
- D) Occipitofrontal.

17. Segundo o Real Decreto 1030/2006, de 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e os procedementos para a súa actualización, qué enfermidades das seguintes forman parte do programa poboacional de cribado neonatal de enfermidades endocrino-metabólicas da carteira común básica de servizos asistenciais do Sistema Nacional de Saúde? Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Hipotiroidismo conxénito.
- B) Fenilcetonuria.
- C) Anemia falciforme.
- D) Tódalas respostas anteriores son correctas.

18. Segundo a Menoguía de Produtos naturais na muller madura da Asociación Española para o Estudio da Menopausia (AEEM), en relación ás isoflavonas de soia e os seus efectos sobre os síntomas asociados á menopausia: Sinale a resposta CORRECTA:

- A) As isoflavonas, especialmente a xenisteína, dan lugar a unha melloría parcial dos síntomas vasomotores (sufocos, suores nocturnas) nunha porcentaxe apreciable de mulleres, cunha eficacia inferior á da terapia hormonal substitutiva (THS).
- B) Melloran o insomnio. A nivel cognitivo, melloran memoria, flexibilidade mental, planificación, atención sostida e estado de ánimo.
- C) A nivel cardiovascular, o seu uso asóciase a unha lixeira melloría do perfil lipídico e da reactividade vascular, teñen acción vasodilatadora e antioxidante sen efectos procoagulantes.
- D) Tódalas respostas anteriores son correctas.

19. O sistema miofascial forma parte do noso sistema somatosensorial. Transmite presión, temperatura, propiocepción e/ou cinestesia. Os diferentes receptores captan e transducen a información utilizando fascículos nerviosos que se dividen funcionalmente en dous sistemas: lemniscal e extralemniscal. Tendo en conta a Guía Técnica de Abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino do Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Sinale a resposta CORRECTA:

- A) O sistema lemniscal é responsable da sensibilidade epicrítica (información analítica e cuantitativa) que se transmite polas vías nerviosas de condución rápida.
- B) O sistema extralemniscal é responsable da sensibilidade protopática e é un sistema cualitativo e plástico, un sistema de alarma que ten a función de protexer o corpo. As vías nerviosas que conducen este tipo de información son de condución rápida.
- C) O sistema extralemniscal é responsable da sensibilidade protopática e é un sistema cualitativo e plástico, un sistema de alarma que ten a función de protexer o corpo. As vías nerviosas que conducen este tipo de información son de condución lenta e impactan en estruturas inespecíficas do Sistema Nervioso Central.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

20. Segundo a lei 41/2002, do 14 de Novembro, o contido mínimo da historia clínica será o seguinte, EXCEPTO:

- A) Gráfico de constantes.
- B) A aplicación terapéutica de enfermería.
- C) O informe de anatomía patolóxica.
- D) O informe de microbioloxía.

21. Cal das seguintes afirmacións corresponde á definición de eficacia?

- A) É o resultado ou beneficio que se obtén dunha prestación baixo condicións habituais de traballo.
- B) É o resultado ou beneficio que se obtén dunha prestación en condicións ideais de utilización.
- C) É o grao no que se consegue o máximo de efectividade ao mínimo custo.
- D) É a medida na que a atención sanitaria e o estado de saúde resultante cumpre coas expectativas do usuario.

22. Das seguintes, ¿cal é un tipo de alteración xenética?

- A) Herdanza ligada ao sexo.
- B) Translocación.
- C) Deleción.
- D) Aneuploidía.

23. As patoloxías que son obxecto de cribado por parte do programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas no período neonatal, son as seguintes EXCEPTO:

- A) Cistinemia.
- B) Déficit de arginasa.
- C) Deficiencia primaria de carnitina.
- D) Hipotiroidismo conxénito.

24. Segundo a Guía de consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal do SERGAS. Que nivel asistencial suxire para o seguimento do embarazo dunha muller con hepatite B crónica activa? Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Nivel 1 asistencial.
- B) Nivel 2 asistencial.
- C) Nivel 3 asistencial.
- D) Queda a criterio do profesional o nivel asistencial de seguimento.

25. En relación á inversión uterina, indica o FALSO:

- A) O diagnóstico baséase no prolapso do fondo uterino xunto con hemorraxia e dor.
- B) Pode ser provocada polas manobras de tracción do cordón umbilical durante o parto.
- C) Na recolocación inmediata do útero usamos primeiro a manobra de Johnson e se falla, usariamos a de Harris.
- D) A manobra de Harris consiste en facer presión coa man dende o interior da canle do parto sobre o centro do fondo uterino e empuxar cara arriba.

26. Dentro da Estratexia do Servizo Galego de Saúde 2020, sinale a resposta correcta sobre a que fai referencia o sistema QUERES:

- A) Reclamacións e suxestións realizadas polos usuarios.
- B) Estratexias de organismos nacionais e internacionais.
- C) Barómetro sanitario.
- D) Avaliación da estratexia anterior.

27. Sinale a resposta CORRECTA sobre os Comités de Ética Asistencial das áreas sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia:

- A) Estarán integrados por un mínimo de 5 membros.
- B) Estarán integrados por un mínimo de 7 membros.
- C) Estarán integrados por un mínimo de 10 membros.
- D) Estarán integrados por un mínimo de 20 membros.

28. Dentro da carteira de servizos da especialidade de enfermería obstétrico-xinecolóxica (matrón/a) en atención primaria do Servizo Galego de Saúde, podemos atopar as seguintes, EXCEPTO:

- A) Educación maternal posnatal ou de recuperación posparto.
- B) Atención preconcepcional.
- C) Prevención e detección precoz de cancro de cérvix.
- D) Atención ao paciente paliativo/fase terminal.

29. Segundo a "Guía de Prevención secundaria do cancro de colo do útero" da Asociación Española de Patoloxía Cervical e Colposcopia, en canto ao cribado do cancro do colo do útero en mulleres gestantes. Sinale a opción CORRECTA:

- A) En xestantes non se recomenda realizar unha proba de cribado de cancro do colo de útero.
- B) Sempre que sexa posible, aconséllase facer o cribado durante o segundo trimestre da xestación.
- C) En xestantes recoméndase pospoñer o cribado ao segundo mes postparto.
- D) Nesta poboación aplicaranse os criterios xerais do cribado de cancro de colo do útero.

30. En relación á colestase, indica o FALSO:

- A) É a hepatopatía máis frecuente relacionada coa xestación.
- B) As repercusións maternas e fetais son debidas ao aumento dos ácidos biliares.
- C) O tratamento de elección é a colestiramina.
- D) O prurito que xera adóitase presentar nas palmas das mans e nas plantas dos pés, con predominio nocturno.

31. No puerperio, os loquios expúlsanse habitualmente, en que orde?

- A) Lochia serosa, lochia alba, lochia rubra.
- B) Lochia rubra, lochia serosa, lochia alba.
- C) Lochia rubra, lochia alba, lochia serosa.
- D) Lochia alba, lochia serosa, lochia rubra.

32. Master e Johnson desenvolveron un modelo fisiolóxico de resposta sexual dividido en 4 fases. Cal das seguintes fases NON pertence ao devandito modelo?

- A) Excitación.
- B) Desexo.
- C) Orgasmo.
- D) Meseta.

33. Durante o desenvolvemento embrionario, indica o FALSO:

- A) A gastrulación ocorre na terceira semana.
- B) Como resultado da gastrulación, fórmase o disco embrionario trilaminar.
- C) As células que proliferan no extremo caudal da notocorda, forman o nódulo de Hensen.
- D) Ao redor da notocorda fórmase a columna vertebral.

34. Sinale a resposta CORRECTA en relación ás modificacións anatómicas e fisiolóxicas que se producen no embarazo:

- A) Diminúe o volume de reserva espiratorio.
- B) Aumenta a concentración de urea e creatinina en plasma.
- C) Adoita producirse unha lixeira leucocitopenia.
- D) Prodúcese unha diminución do filtrado glomerular.

35. Os planos de Hodge serven para valorar o descenso da presentación no interior da canle do parto. ¿Como se define o segundo plano de Hodge?

- A) Paralelo ao terceiro plano, pasa polas espiñas ciáticas e a pube.
- B) Paralelo ao primeiro plano, pasa polo bordo inferior da pube e na súa parte posterior pola segunda vértebra sacra.
- C) Paralelo ao terceiro plano, pasa polo vértice do cóccix.
- D) Coincide co estreito superior da pelve.

36. No proceso da ovoxénese, indica o FALSO:

- A) As células xerminais primordiais procedentes do saco vitelino transfórmanse en ovocitos primarios.
- B) Na etapa fetal tardía, todos os ovocitos primarios entran na primeira división meiótica, a cal se detén na fase de diploteno da profase.
- C) Durante a infancia, moitos ovocitos primarios dexeneran e vólvense atrésicos.
- D) A partir da puberdade, cada 28–30 días aproximadamente, un grupo de ovocitos primarios renovarán a meiosis I, terminaran e entrarán na meiosis II.

37. Cal dos seguintes NON é un obxectivo da Guía Técnica do proceso de educación maternal prenatal e posnatal do Servizo Galego de Saúde (SERGAS)?:

- A) Mellorar o servizo prestado para que a embarazada e/ou parella vivan o proceso do embarazo, parto e posparto como unha experiencia vital positiva.
- B) Prover os diferentes centros de Atención Primaria dunha estrutura básica de actuación á hora de planificar o proceso asistencial específico.
- C) Diminuír a variabilidade na prestación do servizo.
- D) Mellorar a taxa de lactación materna exclusiva aos 6 meses de idade.

38. Entre os cambios fisiolóxicos que se producen no puerperio, cal dos seguintes enunciados é INCORRECTO?

- A) Despois do parto os niveis de estróxenos e proxesterona diminúen.
- B) Prodúcese unha leucocitosis, chegando a veces o recuento de leucocitos ata 30.000/ml.
- C) Inmediatamente tras o alumbramento prodúcese un aumento brusco do número de plaquetas en sangue, para descender días despois.
- D) Os niveis de FSH e LH están baixos durante os primeiros 10–12 días posparto.

39. En relación ás condutas adictivas durante o embarazo, segundo a Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia (SEGO). Sinala a resposta CORRECTA:

- A) Despois do alcohol e o tabaco, o cannabis é a droga máis consumida polas embarazadas e nais lactantes en España.
- B) As principais vías de exposición a cannabis son a inhalación de fume ambiental, o consumo activo ou pasivo. A roupa contaminada tamén pode ser unha fonte relevante de exposición na muller embarazada.
- C) O cannabis provoca unha abstinencia neonatal que ás veces pasa desapercibida polo carácter lipofílico e bioacumulativo cuxa liberación lenta contribúe a mitigar os síntomas. Estes neonatos teñen unha maior excitabilidade.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas

40. Entre os parámetros de madurez neuromuscular da Nova Escala de Ballard para avaliar a idade xestacional, atópanse os seguintes, EXCEPTO:

- A) Signo da bufanda.
- B) Xanela cadrada.
- C) Suxeición da cabeza.
- D) Talón-orella.

41. Cando falamos da técnica de Marmet, estamos a referirnos a:

- A) Unha técnica de relaxación.
- B) Unha técnica de extracción manual de leite.
- C) Unha técnica para a extracción de leite con extractor de leite dobre.
- D) Unha técnica de valoración dunha toma de lactación materna.

42. Respecto á posición materna no expulsivo, segundo a Guía de práctica clínica sobre a atención ao parto normal do Ministerio de Sanidade, sinala a resposta CORRECTA:

- A) As posicións verticais ou laterais asócianse a unha menor duración da segunda etapa do parto, menor taxa de episiotomías e maior número de esgazaduras de 2º grao.
- B) As posicións de mans-xeonllos presentan maior dor lumbar persistente e menor dor perineal posparto.
- C) A posición sentada non é un factor protector do trauma perineal.
- D) A posición de litotomía asóciase a unha menor duración da segunda etapa do parto.

43. A segunda manobra de Leopold permítenos coñecer:

- A) A presentación e a situación fetal.
- B) A posición e a situación fetal.
- C) A posición e a actitude fetal.
- D) A posición e a situación fetal.

44. Segundo a "Guía para a interrupción voluntaria do embarazo (IVE)" da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia. Cal das seguintes respostas sobre o IVE cirúrxico no primeiro trimestre é INCORRECTA?

- A) É unha técnica altamente eficaz cunha taxa moi pequena de complicacións importantes.
- B) Realízase mediante aspiración con cánulas específicas, previa dilatación cervical.
- C) É unha técnica de cirurxía maior ambulatoria.
- D) Débese realizar en centros públicos ou privados autorizados.

45. Tendo en conta a Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias. Sinale a resposta INCORRECTA:

- A) Esta lei regula os aspectos básicos das profesións sanitarias tituladas no que se refire ao seu exercicio por conta propia ou allea, á estrutura xeral da formación dos profesionais, ao desenvolvemento profesional destes e á súa participación na planificación e ordenación das profesións sanitarias.
- B) As disposicións desta lei só son aplicables se a profesión é exercida nos servizos sanitarios públicos.
- C) As profesións sanitarias de nivel Diplomado son aquelas para cuxo exercicio habilitan os títulos de Diplomado en Enfermería, Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Podoloxía, Óptica e Optometría, Logopedia e Nutrición Humana e Dietética, e os títulos oficiais de especialista en Ciencias da Saúde para tales diplomados aos que se refire o título II desta lei.
- D) As profesións sanitarias de nivel Licenciado son aquelas para cuxo exercicio habilitan os títulos de Licenciado en Medicina, Farmacia, Odontoloxía, Veterinaria e os títulos oficiais de especialista en Ciencias da Saúde para Licenciados aos que se refire o título II desta lei.

46. En que tipo de pelve o parto pódese deter en posición occipitotransversa?:

- A) Pelve platipeloide.
- B) Pelve xinecoide.
- C) Pelve antropeide.
- D) Pelve androide.

47. O Real Decreto 1030/2006 de 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e os procedementos para a súa actualización sinala que NON se incluírán na carteira de servizos comúns:

- A) Aquelas técnicas, tecnoloxías ou procedementos cuxa contribución eficaz á prevención, diagnóstico, tratamento, rehabilitación ou curación das enfermidades, conservación ou mellora da esperanza de vida, autonomía e eliminación ou diminución da dor e o sufrimento non estean suficientemente probadas.
- B) Aquelas técnicas, tecnoloxías ou procedementos que se atopen en fase de investigación clínica, agás os autorizados para uso compasivo.
- C) Aquelas técnicas, tecnoloxías ou procedementos que teñan como finalidade meras actividades de ocio, descanso, confort, deporte ou mellora estética ou cosmética, uso de augas, balnearios ou centros residenciais e outras similares.
- D) Ningunha das anteriores está incluída.

48. Respecto ao mantemento e a conservación do leite materno, unha vez extraído, segundo a Guía de Práctica Clínica sobre lactación materna do Ministerio de Sanidade (2017), sinale a CORRECTA:

- A) Pode conservarse a temperatura ambiente (19–26°C) entre 4–8 horas.
- B) Pode conservarse no frigorífico (4°C) entre 1–2 días.
- C) Pode conservarse no conxelador dentro do frigorífico (–15°C) durante 8 días.
- D) Pode conservarse na arca conxeladora (–20°C) durante 2 meses.

49. Cal das seguintes afirmacións sobre a infección por toxoplasma na xestación é FALSA?

- A) A toxoplasmosis é unha infección causada por un parasito chamado *Toxoplasma gondii*.
- B) A transmisión ao feto vía transplacentaria é menos frecuente ao principio do embarazo.
- C) A transmisión ao feto vía transplacentaria é máis frecuente ao principio do embarazo.
- D) A afectación fetal é máis grave se a infección por toxoplasma prodúcese ao principio do embarazo.

50. Segundo os criterios de elexibilidade da Organización Mundial da Saúde (OMS) para anticoncepción hormonal combinada, cal destas circunstancias son categoría 4? Sinala a resposta CORRECTA:

- A) Obesidade con índice de masa corporal (IMC) 36.
- B) Ictus hemorráxico.
- C) Historia anterior de cancro de mama (antes dos últimos 5 anos).
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

Preguntas de reserva

51. Os valores ácido-base normais en sangue fetal son os seguintes. Indica o FALSO:

- A) pH 7,25–7,45 durante a dilatación.
- B) pO₂ 40–45 mm Hg.
- C) pCO₂ 30–70 mm Hg.
- D) Exceso de bases de +5 a -12 mEq/l.

52. Segundo a "Guía de Prevención Secundaria do Cancro de colo do útero" da Asociación Española de Patoloxía Cervical e Colposcopia. Cal das seguintes respostas NON é correcta?

- A) O cribado primario mediante citoloxía cada tres anos é o método de elección en mulleres entre os 25 e os 30–35 anos.
- B) O cribado poboacional do cancro de colo do útero en mulleres maiores de 30–35 anos débese realizar coa proba do virus do papiloma humano (VPH) como opción preferente.
- C) O cribado primario mediante citoloxía cada tres anos é un método aceptable en mulleres maiores de 30–35 anos se non se dispón de proba VPH.
- D) O cribado primario mediante citoloxía cada tres anos é o método de elección en mulleres entre os 21 e os 30–35 anos.

53. Na ameaza de parto prematuro, usamos o índice de Baumgarten para valorar as posibilidades de éxito do tratamento tocolítico. Dos parámetros que avalía, indica cal dos seguintes é FALSO:

- A) Borramento do cérvix.
- B) Dilatación.
- C) Contraccións.
- D) Hemorragia.

54. Cal das seguintes vacinas NON está contraindicada na xestación?

- A) Vacina fronte á varicela.
- B) Vacina triple vírica.
- C) Vacina atenuada da gripe.
- D) Vacina inactivada da gripe.

55. Respecto á involución uterina tras o parto, sinala a resposta CORRECTA:

- A) Ás 24 horas do parto, o útero alcanza o nivel do embigo e pesa ao redor de 1 quilogramo.
- B) Aos 7 días do parto, o útero alcanza a posición intrapélvica.
- C) Aos 7 días do parto, o útero localízase por encima do embigo, lateralizado á dereita.
- D) Ás 24 horas do parto, o útero sitúase a nivel da sínfise da pube.

56. Atópase nunha reanimación cardiopulmonar a un recentemente nado na sala de partos, que dose intravenosa de adrenalina 1:10.000 administraríamos en caso de asistolia ou frecuencia cardíaca menor de 60 latexos por minuto no neonato?

- A) 0,5–1 ml/Kg (pode repetirse cada 3–5 minutos).
- B) 0,1–0,5 ml/Kg (pode repetirse cada 3–5 minutos).
- C) 0,1–0,2 ml/Kg (pode repetirse cada 3–5 minutos).
- D) 0,1–0,3 ml/Kg (pode repetirse cada 3–5 minutos).

57. Nun grupo de educación maternal posparto, atópase explicando aos pais como identificar os sinais de fame do bebé. Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Se o bebé chora, ponse colorado e realiza movementos axitados é un sinal tardío de fame.
- B) Se o bebé se move, estírase e leva a man á boca é un sinal tardío de fame.
- C) Se o bebé abre a boca, move a cabeza e busca o peito é un sinal tardío de fame.
- D) Se o bebé chora, ponse colorado é un sinal temperá de fame.

58. Nerea acode á súa consulta cun cadro de dor, avermellamento e calor na mama dereita que se acompaña de malestar xeral, dores articulares, fatiga e febre de 38,7°C desde hai 2 días. Ten un bebé de 5 semanas ao que alimenta con lactación materna. Que sospeitaríamos ante este cadro?

- A) Obstrución dun conduto.
- B) Infección ductal.
- C) Mastite aguda.
- D) Candidiase da mamila.

59. Antía é residente de matrona no Servizo Galego de Saúde, pregúntalle á súa titora sobre as funcións dos Comités de Ética Asistencial das áreas sanitarias. Cal das seguintes funcións corresponde aos Comités de Ética Asistencial?

- A) Propoñer sancións.
- B) Asesorar e emitir informes sobre as cuestións éticas relacionadas coa práctica clínica.
- C) Tomar decisións de carácter vinculante.
- D) Promover actuacións xurídicas directas en relación coas persoas ou a institución.

60. Muller de 32 anos que consulta por unha lesión no labio maior dereito. Á exploración observo unha úlcera con bordos regulares e elevados, de aspecto carnoso, friable e indolora. Con que é compatible esta clínica?

Indica o CORRECTO:

- A) Granuloma inguinal.
- B) Sífilis.
- C) Linfogranuloma venéreo.
- D) Chancro blando.

61. Kenia acode á súa consulta demandando información sobre os servizos de atención á muller que inclúe a carteira de servizos de Atención Primaria. Segundo o Real Decreto 1030/2006, de 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e procedementos para a súa actualización, explicaráselle que a carteira de servizos común de Atención Primaria NON inclúe:

- A) Detección de grupos de risco e diagnóstico precoz de cancro xinecolóxico e de mama de xeito coordinado e protocolizado con atención especializada, segundo a organización do correspondente servizo de saúde.
- B) Indicación e seguimento de métodos anticonceptivos cirúrxicos.
- C) Seguimento do embarazo normal, de xeito coordinado e protocolizado con atención especializada, segundo a organización do correspondente servizo de saúde.
- D) Visita puerperal no primeiro mes de posparto para valoración do estado de saúde da muller e do recém nado.

62. Na planta de obstetricia do seu hospital, unha nai con lactación materna exprésalle a súa preocupación por se o costro será "suficiente" para o seu bebé, que naceu onte tras un parto eutócico e 3.250gr de peso. Cal das seguintes recomendacións NON lle daría?

- A) Información sobre os beneficios do costro, desfacendo mitos sobre esta substancia. Explicarlle aspecto e número de deposicións normais en función da idade do bebé, así como a aparencia e estado xeral normal do neonato.
- B) Explicarlle que pequenas cantidades de costro son normais, fisiolóxicas e apropiadas para recentemente nados sans a termo. O seu estómago é pequeno, o leite díxírese rapidamente polo que necesitan un mínimo de 8 tomas en 24 horas.
- C) Administrar suplementos de leite de fórmula, non altera a flora intestinal do recentemente nado nin inflúe no risco de alerxias posteriores.
- D) O uso de suplementos de lactación artificial de forma inapropiada aumenta os problemas posteriores coa produción de leite da nai. Aleitar ao seu bebé a demanda, estimula a producir a cantidade de leite que o recentemente nado necesita.

63. Xestante con preclampsia que tras o alumbramento presenta hemorraxia por atonía uterina. Das seguintes medidas a realizar, indica a INCORRECTA:

- A) Masaxe uterino.
- B) Administración dos seguintes uterotónicos: oxitocina, metilergometrino, misoprostol.
- C) Reposición da volemia en proporción 3/1 con respecto ao sangue perdido.
- D) Taponamento uterino con gasa estéril ou usando globos intrauterinos como Bakri, Sengstaken-Blakemore, Rusch.

64. Elisa acode á súa primeira consulta preconcepcional. Segundo o documento " Consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal. Proceso asistencial" do SERGAS. Cal das seguintes recomendacións é INCORRECTA?

- A) No caso de non estar vacinada fronte ao tétanos, iniciar primovacunación coa vacina tétanos/difteria (Td).
- B) No caso de non estar vacinada nin sufrir varicela, ofertar a vacina antivariólica previa á concepción.
- C) Tras viaxar a países con transmisión activa do virus do Zika, evitar o embarazo durante polo menos 3 meses.
- D) Informar das medidas hixiénico-dietéticas de prevención da infección de toxoplasmosis.

65. Esther é alumna de enfermería no seu centro de saúde. Tendo en conta a lei 44/2003 de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, explicaráselle que son requisitos imprescindibles para o seu exercicio como profesional sanitario os seguintes: Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Estar colexiada, cando unha lei estatal estableza esa obriga para o exercicio dunha profesión titulada ou algunhas actividades propias desta.
- B) Non atoparse inhabilitada ou suspendida para o exercicio profesional por sentenza xudicial firme, durante o período de tempo que fixe esta.
- C) Ter subscrito e vixente un seguro de responsabilidade, un aval ou outra garantía financeira, sexan de protección persoal ou colectiva, que cubra as indemnizacións que se poidan derivar da responsabilidade profesional por un eventual dano ás persoas causado con ocasión da prestación de tal asistencia ou servizos cando se exerza a profesión no ámbito da asistencia sanitaria privada.
- D) Tódalas respostas anteriores son correctas.

66. Rosa ten 45 anos. Acode á súa consulta para o cribado de cancro de cérvix. Está asintomática. Non ten antecedentes familiares nin persoais de interese, tampouco alerxias coñecidas nin cirurxías previas. Fuma (tabaco) 20 cigarros/día. Usuaria de Loette (100 microgramos de levonorgestrel e 20 microgramos de etinilestradiol) desde fai 10 anos. Contenta co seu uso. Non outros tratamentos. X2P2 sen outros antecedentes xinecolóxicos de interese. Eumenorreica. Ten unha analítica de fai dúas semanas con hemograma, bioquímica e estudo de coagulación en rango normal. Realiza toma de tensión arterial (TA) 122/70. Índice de masa corporal (IMC) 26. Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Recomendaríalle cambiar de pílula Loette a pílula de só xestáxenos (desogestrel 75 microgramos ou drospirenona 4 mg), indicándolle como facelo, instrucións de uso da nova pílula e posibles efectos secundarios.
- B) Recomendaríalle suspender a toma de Loette para realizar un descanso de 6 a 12 meses e uso de método barrera. Logo valoraríamos nunha nova consulta se pode reiniciar a súa toma, cunha analítica previa e un novo control de TA.
- C) Informaríalle de que pode continuar con Loette ata os 50 anos realizando controis anuais (actualización de anamnese, toma de TA, valoración analítica) que descarten a aparición de factores de risco que contraindiquen o seu uso.
- D) Recomendaríalle suspender a toma de Loette e iniciar uso de anel vexinal anticonceptivo, indicándolle como realizar o cambio de anticonceptivo, instrucións de uso e conservación do anel.

67. Parella que consulta por esterilidade. No estudo básico da parella, inclúese todo o seguinte, EXCEPTO:

- A) HSG (Histerosalpingografía).
- B) Histeroscopia.
- C) Ecografía.
- D) Seminograma.

68. Valeria acaba de recibir a alta hospitalaria do seu primeiro parto. Segundo a Guía de práctica clínica de atención no embarazo e puerperio do Ministerio de Sanidade. Cantas visitas de control durante o puerperio en atención primaria se suxire ofrecer tras a alta hospitalaria?

- A) Un mínimo de tres consultas nas primeiras catro semanas tras a alta hospitalaria.
- B) Un mínimo de dúas consultas nos primeiros corenta días tras a alta hospitalaria.
- C) Un máximo de dúas consultas nos primeiros corenta días tras a alta hospitalaria.
- D) Un máximo de tres consultas nas primeiras catro semanas tras a alta hospitalaria.

69. Susana tivo un parto instrumental con episiotomía, e tras a saída da placenta, observamos que sufriu unha esgazadura tipo 3b. Que tecidos se atopan afectados neste tipo de desgarradura?

- A) Ten unha lesión do esfínter anal e a mucosa rectal.
- B) Ten unha lesión do esfínter anal externo de menos do 50%.
- C) Ten unha lesión do esfínter anal externo de 50% ou máis.
- D) Ten unha lesión do esfínter anal externo e interno.

70. Teresa ten 41 anos. Acode a consulta para cribado de cancro de cérvix. Está asintomática. Non ten antecedentes familiares de interese, nin alerxias. Como antecedente persoal refire que tivo un carcinoma lobullilar in situ na mama dereita. X0, eumenorreica. Fórmula menstrual (FM) 4/28. Menarquía aos 15 anos. Método actual de anticoncepción: preservativo. Segundo o Itinerario asistencial integrado para o cancro de mama da Xunta de Galicia, informaráselle de que o seguimento recomendado no seu caso polo risco de cancro de mama NON debe incluír:

- A) Exploración clínica e mamografía anual.
- B) Exploración clínica anual e mamografía cada dous anos.
- C) Coñecemento das mamas (breast awareness).
- D) Considerar estratexias de redución do risco.

71. Xestante que presenta un DPPNI grao II (Desprendemento Prematuro de Placenta Normoinserta). Cal dos seguintes signos NON corresponde co devandito grao de desprendemento?

- A) Metrorraxia intensa superior a 500cc.
- B) Tetania uterina.
- C) Shock lixeiro
- D) Grave perda do benestar fetal.

72. Andrea ten 56 anos. Acode a consulta por perdas de ouriños acompañados de urxencia miccional, polaquiuria diurna e nocturna, micción imperiosa e enurese nocturna ocasional. Non ten perdas de ouriños cando tuse, espirra ou rí. Non ten antecedentes familiares de interese, nin alerxias, nin cirurxías previas. Fuma (tabaco) 10 cigarros ao día. X0 sen antecedentes xinecolóxicos de interese. Menopausia aos 52 anos. Durante a exploración vostede non observa perda de ouriños con tose forzada nin prolapsos. Escala OXFORD modificada 4, acrónimo PERFECT 4448. Seguindo os criterios da Guía Técnica de Abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino do Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Qué actividades NON realizaría antes de derivar a outros profesionais sanitarios se fose necesario?:

- A) Cumprimentación do diario miccional, valoración do grao de severidade da incontinencia urinaria mediante a escala de Wexner. Cos resultados de todo iso, valorará se precisa derivación a outros profesionais (médico e/ou fisioterapeuta de Atención Primaria, consulta de referencia en Atención Especializada).
- B) Descartar unha infección urinaria, (valorar a necesidade de realizar un sedimento de ouriños e, se fose patolóxico, solicitar un urocultivo).
- C) Recomendar cambios en hábitos de vida (abandono de hábito tabáquico, evitar o consumo de alcohol, reducir a inxesta de sustancias irritantes vesicais e/ou excitantes ou con acción diurética).
- D) Unha vez descartada unha infección urinaria, ensinar técnicas de modificación condutual (disociación do desexo miccional da acción de baleirado voluntario) intentando restablecer un patrón normal de micción.

73. María acode a control do seu segundo embarazo. Sobre a vacina da tose ferina, que lle recomendaríamos?.

Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Non sería necesario vacinarse da tose ferina neste embarazo, porque revisando a súa historia clínica observamos que xa está vacunada hai dous anos do seu anterior embarazo.
- B) Recomendariámoslle unha dose da vacina difteria, tétanos e tose ferina acelular de baixa carga antigénica.
- C) Recomendariámoslle dúas dose da vacina difteria, tétanos e tose ferina acelular de baixa carga antigénica, separadas polo menos dun mes.
- D) Non lle recomendaríamos vacinarse, xa que todas as vacinas dispoñibles da tose ferina están contraindicadas.

74. Lucía foi dada de alta no hospital hai 3 días, tras un parto eutócico. Como matrona de atención primaria, procede a realizar unha consulta telefónica con Lucía, dentro do programa "Conecta 72" do Servizo Galego de Saúde. Respecto a este programa é INCORRECTO:

- A) Ten como obxectivo mellorar a calidade asistencial.
- B) Pretende conseguir que a información das altas hospitalarias de todos os pacientes de calquera patoloxía sexa recibida, de forma automática, polos profesionais dos centros de saúde.
- C) Pretende mellorar a comunicación entre a enfermeira de atención especializada e o paciente tras a alta hospitalaria, á vez que se procura a integración entre profesionais de enfermaría dos distintos niveis asistenciais.
- D) O programa creouse para conseguir unha comunicación eficaz entre atención especializada e atención primaria.

75. Acode á túa consulta unha muller da que sospeitas que pode estar en situación de violencia de xénero. Que NON se recomenda na realización da entrevista clínica?

- A) Manter unha actitude empática que facilite a comunicación cunha escoita activa.
- B) Non facer xuízos de valor ante o escoitado e compartido pola muller.
- C) Evitar actitudes insolidarias ou culpabilizadoras.
- D) No transcurso da entrevista dar consellos e decidir pola muller.

76. Xestante que ingresa en traballo de parto. Nese momento, explícolle a doazón de sangue de cordón umbilical e obteño o seu consentimento informado. Indica o FALSO:

- A) O consentimento informado debe obterse despois de que a paciente reciba a información adecuada.
- B) O recomendable é entregar o consentimento informado por escrito durante a xestación.
- C) O consentimento informado pódese obter no traballo de parto.
- D) Pode revogar o consentimento informado en calquera momento antes da obtención do sangue de cordón umbilical.

77. Sara é unha xestante de 10 semanas que acode á consulta da matrona do seu centro de saúde. Vai solicitar o cribado combinado do primeiro trimestre para a detección precoz prenatal de anomalías cromosómicas. NON forma parte deste cribado de primeiro trimestre:

- A) Alfa-fetoproteína.
- B) PAPP-A.
- C) Fracción libre da Beta HCG.
- D) Translucencia nual.

78. Xestante de 8 semanas que acode a urxencias por un cadro de metrorraxia escasa e escura acompañada de dor hipogástrico. Ao exámen con espéculo, presenta dor á mobilización uterina. O achado de laboratorio é unha hCG (Hormona coriónica gónadotropina) máis baixa que a esperada para esas semanas de xestación. Ante que situación nos atopamos?

- A) Aborto en curso.
- B) Ameaza de aborto.
- C) Embarazo ectópico.
- D) Mola hidatiforme.

79. Silvia de 30 anos, acudiu fai 2 horas ao Punto de Atención Continuada (PAC) do seu centro para solicitar anticoncepción de urxencia tras coito de risco fai 78 horas (esquecemento de pílula anticonceptiva, 0.020 mg de Etinilestradiol e 3 mg de Drospirenona en segundo e terceiro día da toma). Prescribíronlle acetato de ulipristal que aínda non tomou porque está lactando ao seu fillo de 8 meses e non sabe se pode afectarlle. Non antecedentes familiares nin persoais de interese. Non alerxias, nin cirurxías previas. Non hábitos tóxicos. X2P1C1, sen outros antecedentes xinecolóxicos. Eumenorreica desde que iniciou a pílula. Sinala a resposta CORRECTA segundo o protocolo de anticoncepción de urxencia da Sociedade Española de Xinecología e Obstetricia/Sociedade Española de Contracepción (SEGO/SEC):

- A) Será informada de que o acetato de ulipristal (AUP) pódese excretar polo leite materno. Detectouse ata 5 días trala toma do AUP, polo que se o toma, debe evitar lactar durante 7 días. Explicaralle cómo extraer o leite para manter a produción e que debe desbotala.
- B) Como alternativa ao acetato de ulipristal, ofreceralle derivala o antes posible, ao centro de planificación familiar e/ou a Atención Especializada para inserción de DIU de Cobre e así non ter que interromper a lactación.
- C) Informaralle que pode darlle o peito ao seu fillo, tomar o acetato de ulipristal inmediatamente despois e retrasar a seguinte toma de peito polo menos 8 horas, extraéndose manualmente o leite se é necesario.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

80. Na administración parenteral do remifentanilo para o alivio da dor, que consideracións debo ter en conta durante a súa administración?. Sinala a FALSA:

- A) Administrarase osíxeno suplementario.
- B) Será necesario monitorizar a saturación de osíxeno.
- C) É máis eficaz que a petidina.
- D) Produce máis sedación que a petidina.

81. Todas as seguintes son medidas de prevención primaria para previr as enfermidades xenéticas, EXCEPTO:

- A) Cribado prenatal.
- B) Identificación de familias de risco.
- C) Consello xenético.
- D) Técnicas de reprodución asistida.

82. Luisa, de 32 anos, acode á consulta porque leva buscando embarazo 10 meses sen conseguilo. Durante a anamnese refire dismenorrea intensa que non cede con analxesia habitual e empeorou nos últimos anos, dispareunia e disquecia catamenial. Non ten antecedentes persoais nin familiares de interese, fuma (tabaco) 5 cigarros/día. XO Fórmula menstrual (FM):7/24, menarquia aos 14 anos. Cribado de cancro de cérvix actualizado. Sospeitaría unha endometriose. Seguindo os criterios da Guía de Atención a las mujeres con endometriosis del Sistema Nacional de Salud (SNS), sinale a resposta CORRECTA.

A) Realizaría unha consulta preconcepcional, recomendaría abandono do hábito tabáquico, derivaría a ao seu médico para unha nova pauta de analxesia e animaría a seguir buscando embarazo durante polo menos 1 ano e 2 meses máis. Se non consegue xestación espontánea acudirá de novo a consulta.

B) Realizaría unha consulta preconcepcional, recomendaría abandono do hábito tabáquico, consulta co seu médico para valorar unha nova pauta de analxesia e derivaría á consulta de xinecoloxía de Atención Especializada.

C) Realizaría unha consulta preconcepcional, recomendaría abandono do hábito tabáquico, e derivaría directamente á consulta de Reprodución Humana/infertilidade para unha fecundación in vitro (FIV)

D) Recomendaría abandono do hábito tabáquico, iniciar anticoncepción hormonal combinada para diminuír a dismenorrea e derivaría á consulta de xinecoloxía de Atención Especializada.

83. Sonia acode a unha primeira consulta de embarazo. Comenta que é vegana. Tendo en conta o documento de Consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal (Proceso asistencial) do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), ¿qué recomendacións relacionadas coa súa alimentación NON lle faría?

A) Recomendarlle o consumo de leite de soia, tofu, moitas froitas, verduras de folla verde, cereais de gran enteiro e legumes con alto contido de ferro cada día.

B) Suxerirlle que aumente o consumo de proteínas en 40 gramos por día durante o segundo e terceiro trimestre para acadar unha inxesta de 90 gramos de proteína por día.

C) Suxerirlle que consuma oito ou máis porcións por día de alimentos altos en calcio coma verduras de follas escuras, tofu e outros alimentos enriquecidos con calcio.

D) Recomendarlle un suplemento farmacolóxico de calcio se non inxire unha cantidade axeitada de calcio coa dieta.

84. María ten 35 anos. Acode a consulta por amenorrea de 6 meses e síntomas vasomotores (sufocos e suores nocturnas). Relata que a súa nai tivo a súa última menstruación con 36 anos. Non refire outros antecedentes familiares nin persoais de interese, nin alerxias, nin cirurxías previas, nin hábitos tóxicos. Non tratamentos. Anticonceptivo actual: DIU de cobre. X1P1 (eutócico fai 7 anos) non outros antecedentes xinecolóxicos. Non desexo xenésico actual. Cribado de cancro de cérvix actualizado. Exploración física e xinecolóxica sen alteracións aparentes. Tendo en conta as Menoguías da Asociación Española para o Estudo da Menopausa (AEEM). Sinale a resposta CORRECTA:

A) Realizaría un test de xestación.

B) Descartado embarazo, solicitaría unha analítica que inclúa determinación de niveis de FSH, LH, estradiol e hormonas tiroideas. Se en dita analítica observara uns niveis de FSH superiores a 40 UI/l, e de estradiol inferiores a 50 pg/m, informaríalle que ten unha menopausia precoz e a derivaría a Atención Especializada para valoración e inicio de terapia hormonal substitutiva (THS) se procede e quere. Recomendaría tamén, a práctica regular de exercicio físico que inclúa exercicios de resistencia e solo pelviano, unha dieta variada e equilibrada, rica en omega 3, calcio e vitamina D e tomar o sol diariamente para acadar niveis axeitados de vitamina D.

C) Descartado o embarazo, solicitaría unha analítica que inclúa determinación de niveis de FSH, LH, estradiol e hormonas tiroideas. Se en dita analítica observara niveis de FSH superiores a 40 UI/l e de estradiol inferiores a 50 pg/m, recomendaríalle realizar outra determinación nun prazo superior a un mes. Se persisten niveis de FSH superiores a 40 UI/l e de estradiol inferiores a 50 pg/m, sospeitaría unha insuficiencia ovárica prematura e a derivaría a Atención Especializada para confirmación de diagnóstico, valoración e inicio de terapia hormonal substitutiva (THS) se procede e quere. Recomendaría tamén, a práctica regular de exercicio físico que inclúa exercicios de resistencia e solo pelviano, unha dieta variada e equilibrada, rica en omega 3, calcio e vitamina D e tomar o sol diariamente para acadar niveis axeitados de vitamina D.

D) As respostas A) e C) son correctas.

85. Clara de 17 anos, acode a consulta por dor intensa tipo cólico en hipogastrio e zona suprapúbica que se inicia o día antes da menstruación, acompañada ás veces de náuseas e vómitos, e cede en 24–48 horas. Non ten antecedentes persoais nin familiares de interese, nin alerxias, nin cirurxías previas, nin hábitos tóxicos. Non toma tratamentos. X0. Menarquia aos 15 anos e 5 meses. Fórmula menstrual (FM): 5/28. Usuaria de preservativo. Sinale a resposta INCORRECTA:

A) Sospeitaría dunha dismenorrea primaria.

B) Recomendaríalle exercicio físico regular e unha dieta equilibrada.

C) Recomendaríalle a toma de analxésicos tipo antiinflamatorio e/ou un anticonceptivo hormonal mantendo o uso de preservativo (doble método anticonceptivo).

D) Sospeitaría dunha dismenorrea secundaria e a derivaría á consulta de xinecoloxía para estudo.

86. María acode a consulta preconcepcional. Recomendamos vacinarse da rubeola coa tripla vírica. Segundo a guía consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal do SERGAS. Que recomendaríamos despois da administración da vacina tripla vírica?. Sinale a resposta CORRECTA:

A) Evitar a concepción nos 2 meses seguintes á vacinación.

B) Evitar a concepción nos 28 días seguintes á vacinación.

C) Evitar a concepción nos 3 meses seguintes á vacinación.

D) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

87. Muller de 24 anos que acode á miña consulta solicitando un método anticonceptivo. Aproveito para facer educación sanitaria recomendándolle unha serie de medidas para evitar as ITS (infeccións de transmisión sexual). Indica o FALSO:

- A) Hixiene dos órganos sexuais.
- B) Usar espermicidas.
- C) Usar métodos protectores como o preservativo.
- D) Evitar a práctica de relacións sexuais baixo o efecto de drogas e/ou alcohol.

88. Belén e a súa parella están cumprimentando o plan de parto e nacemento. Respecto a este documento, sinala a resposta CORRECTA:

- A) Considérase que o momento ideal para a súa elaboración é entre as 28 a 32 semanas de xestación.
- B) É un documento a través do cal a muller embarazada pode manifestar por escrito os seus desexos, necesidades, preferencias e expectativas en relación ao seu traballo de parto e ao nacemento do seu bebé.
- C) Si a muller embarazada non desexa usar o modelo de plan de parto e nacemento ofertado polo SERGAS, pode redactar e presentar outro modelo, que será tido en conta, sempre e cando cumpla unha serie de condicións.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

89. Luisa é unha muller postmenopáusica que acode a consulta referindo que leva dous días con sangrado vaxinal leve. Neste caso, de que neoplasia sospeitaríamos?

- A) Neoplasia do colo do útero.
- B) Neoplasia endometrial.
- C) Neoplasia ovárica.
- D) Neoplasia vulvar.

90. Muller de 48 anos que acode a consulta para cribado de cancro de cérvix. Revisando a súa historia clínica observamos que ten unha histerectomía total por patoloxía benigna e previamente á intervención unha citoloxía negativa. Segundo a "Guía de Prevención Secundaria do cancro de colo do útero" da Asociación Española de Patoloxía cervical e Colposcopia. Que lle recomendaríamos? Sinala a resposta CORRECTA:

- A) Recomendaríamos realizar unha citoloxía nesta consulta e despois cada tres anos.
- B) Recomendaríamos finalizar o cribado.
- C) Recomendaríamos realizar unha proba do virus do papiloma humano (VPH) nesta consulta e despois cada cinco anos.
- D) Recomendaríase derivación á consulta de colposcopia.

91. Sonia é unha xestante de 37+3 semanas, á que se lle vai a realizar unha versión cefálica externa por presentación podálica. Sinala a resposta INCORRECTA con respecto a este procedemento:

- A) A isoimmunización Rh é unha contraindicación absoluta.
- B) A taxa media de éxito da versión cefálica externa é dun 50%, cun rango entre o 40% e o 78%.
- C) A presentación de nádegas puras asóciase a maior probabilidade de éxito que a presentación de pés.
- D) A idade materna, a idade xestacional, a presenza dunha cicatriz uterina ou o peso fetal estimado non inflúen na maior ou menor taxa de éxito da versión cefálica externa.

92. No paritorio atópase atendendo a unha puérpera que tras un parto instrumental sofre unha hemorraxia posparto (HPP). A paciente presenta unha caída da tensión arterial sistólica lixeira, entre 80–100 mmHg, está suorenta, taquicárdica e débil, e cunha perda hemática de entre 15–25%. Segundo a repercusión hemodinámica, clasificaremos esta hemorraxia posparto como:

- A) Hemorraxia posparto grave.
- B) Hemorraxia posparto sen repercusión.
- C) Hemorraxia posparto moderada.
- D) Hemorraxia posparto leve.

93. Na desinfección de mans, utilizo un preparado comercial con base alcohólica e protector da pel. Canto tempo debo de fregar as mans con ese preparado para obter unha desinfección hixiénica?

- A) 5 segundos.
- B) 10 segundos.
- C) 30 segundos.
- D) 60 segundos.

94. Atópase ante un recentemente nado que presenta unha frecuencia cardíaca de 110 latexos por minuto, flaccidez, pranto débil e irregular, acrocianose e que responde a estímulos con acenos. Que puntuación do test de Apgar I le daría?

- A) 6.
- B) 4.
- C) 7.
- D) 5.

95. Puérpera que presenta un cadro febril, tras realizarlle unha cesárea, hai 2 días por parto estacionado. Observamos afectación do estado xeral, taquicardia, dor hipogástrica, subinvolución uterina, sensibilidade e dor uterina na exploración e loquios pestilentes. Ante este cadro, sospeitaremos de:

- A) Endometrite.
- B) Mastite.
- C) Infección da ferida cirúrxica.
- D) Tromboembolismo pulmonar.

96. Xestante de 7 semanas que acode á túa consulta solicitando información sobre o método farmacolóxico da interrupción voluntaria do embarazo. Segundo a "Guía para a interrupción voluntaria do embarazo" da SEGO. Sinale a resposta INCORRECTA:

- A) A evidencia dispoñible establece que a combinación de mifepristona e misoprostol para aborto farmacolóxico é segura e eficaz para embarazos de ata os 63 días de xestación.
- B) Entre os efectos secundarios da mifepristona atópanse a náusea, vómitos, fatiga e taquicardia.
- C) Co misoprostol pódese presentar sintomatoloxía gastrointestinal, calafríos ou febrícula.
- D) A complicación máis frecuente é a infección, polo que se recomenda profilaxe antibiótica.

97. Carla acode á súa primeira consulta de embarazo. Tras a realización da súa historia clínica, segundo a Guía de consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal do SERGAS. Cal das seguintes respostas NON sería un factor de risco de preeclampsia?

- A) Enfermidade autoinmune.
- B) Nai con preeclampsia.
- C) Nulípara.
- D) Intervalo genésico de máis de cinco anos.

98. Carla, a matrona residente do seu centro, vai organizar a actividade grupal de educación maternal no grupo prenatal e posnatal para tódalas xestantes e puérperas. Seguindo as recomendacións da Guía técnica do proceso de educación maternal prenatal e posnatal do Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Cantas sesións a compoñerían como mínimo? Sinale a resposta CORRECTA.

- A) 8 sesións prenatais e outras 8 no posparto.
- B) 9 sesións prenatais e outras 8 no posparto.
- C) 11 sesións prenatais e outras 8 no posparto.
- D) 10 sesións pretanatais e outras 10 no posparto.

99. Elisa empeza a traballar nun hospital do Servizo Galego de Saúde, a súa supervisora achégalle información sobre o Sistema de notificación e aprendizaxe para a seguridade do paciente (SiNASP). Sinale a resposta CORRECTA:

- A) A notificación voluntaria de incidentes de seguridade polos profesionais considérase unha ferramenta de primeira liña para a aprendizaxe e a mellora da seguridade asistencial.
- B) Se se comparte a aprendizaxe obtida, beneficia a tódolas organizacións do sistema e aos seus usuarios.
- C) Dende o ano 2011, tódolos hospitais do Servizo Galego de Saúde e Povisa teñen implantado o Sistema de notificación e aprendizaxe para a seguridade do paciente.
- D) Tódolas respostas anteriores son correctas.

100. Durante o expulsivo prodúcese unha distocia de ombreiros. Entre as manobras que realizo para resolvela, como se chama a manobra na que primeiro extraio o ombreiro posterior deslizando a man pola concavidade do sacro ata coller a man do feto, reproducindo un movemento de extensión natural?

- A) Manobra de Jacquemier ou Barnum.
- B) Manobra de Rubin II – Woods.
- C) Manobra de Zavanelli.
- D) Manobra de Manzzati.

101. Lorena, xestante de 34 semanas, solicita acceder a súa historia clínica e obter informes sobre o seu estado de saúde. Este dereito relacionado coa documentación sanitaria, recóllese en:

- A) Lei 31/1995, do 8 de Novembro.
- B) Lei 8/2008, do 10 de Xullo.
- C) Lei 11/2007, do 27 de Xullo,
- D) Real Decreto 1030/2006, do 15 de Setembro.

102. Atópase valorando un rexistro cardiotocográfico cunha liña de base de 115 latexos por minuto, variabilidade de 20 latexos por minuto e deceleracións variables atípicas en máis do 50% das contraccións nos últimos 40 minutos. Segundo a Guía de práctica clínica sobre a atención ao parto normal do Ministerio de Sanidade, como clasificaría este rexistro?

- A) Patolóxico.
- B) Non tranquilizador.
- C) Dubidoso.
- D) Tranquilizador.

103. Claudia é unha muller de 18 anos que acode a consulta. Solicita información sobre sexualidade. Segundo a "Guía técnica do proceso de atención ás disfuncións sexuais femininas" do Servizo Galego de Saúde. Cal das seguintes actuacións sanitarias NON hai que realizar nesta consulta?

- A) Realizar a anamnese mediante entrevista clínica non directiva.
- B) Realizar unha citoloxía.
- C) Informar e orientar de forma individual, coa parella ou coa familia.
- D) Ofertarlle a asistencia a algún grupo no que se trate o tema sobre o que pide información.

104. Na exploración do neonato, utilizo o test de Ballard para estimar a súa idade xestacional. Que signos de maduración física valora este test?. Indica a resposta FALSA:

- A) Postura.
- B) Pel.
- C) Lanugo.
- D) Superficie plantar.

105. Matilde ten 49 anos. Acode a consulta por incontinencia urinaria. Non ten antecedentes familiares de interese, nin alerxias, nin cirurxías previas, nin hábitos tóxicos. X2P2, sen outros antecedentes xinecolóxicos. Data de última regra fai 2 semanas. Fórmula menstrual (FM) 4/28. Índice de Masa Corporal (IMC) 35. Traballa como coidadora nunha residencia. Durante a anamnese, Matilde explica que perde ouriños varias veces á semana (non tódolos días), en pequenos chorros (cantidade moderada) cando tuse, espirra e ás veces no seu traballo. Non refire urxencia miccional nin nocturia. Durante a exploración, vostede observa perda de ouriños en chorro pequeno con tose forzada, colpocele e cistocele grao II, escala de OXFORD Modificada: 3, acrónimo PERFECT 3455. Segundo a Guía Técnica de Abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), sinala a resposta CORRECTA:

- A) Ten unha incontinencia urinaria grave segundo a puntuación obtida no Test de severidade de Sandvick.
- B) Ten unha incontinencia urinaria grave segundo a puntuación obtida no Test de severidade de Wexner.
- C) Promovería cambios de estilo de vida que favorezan a perda de peso, medidas preventivas no seu traballo e actividades da vida diaria (hixiene postural/ergonomía), ofreceríalle participar no programa de adestramento da musculatura do solo pelviano e derivaría ao servizo de xinecoloxía de referencia.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

106. Tamara é unha xestante de 9+3 semanas, que acode a súa consulta de atención primaria, á primeira visita de control de embarazo. Tras realizar a anamnese e exploración física observamos un índice de masa corporal (IMC) de 31, polo que solicitamos na analítica do primeiro trimestre un test de O´Sullivan. Segundo o proceso asistencial de consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal do Servizo Galego de Saúde de 2019, que pautas lle daremos para a realización do test de O´Sullivan?

- A) A proba debe realizala en xaxún.
- B) Administraranlle 50gr. de glicosa oral e determinarán unha glicemia ás 2 horas en plasma venoso.
- C) Inxerir os 3 días antes unha dieta diaria que conteña entre 150–300 gramos de carbohidratos.
- D) Se o resultado do test de O´Sullivan é maior ou igual a 140 mg/dl, deberá realizar un test de sobrecarga oral de glicosa (TSOG) para o diagnóstico de diabetes xestacional.

107. Elisa, enfermeira do Servizo Galego de Saúde, administra por erro unha medicación a un paciente sen que iso teña repercusión sobre a súa saúde. Notifícao no Sistema de notificación e aprendizaxe para a seguridade do paciente (SiNASP). Sinale a afirmación CORRECTA:

- A) O SiNASP permite coñecer, analizar e extraer coñecemento dos incidentes.
- B) O SiNASP permítelle ao Servizo Galego de Saúde dispoñer dunha base de datos global na que se inclúen todos os incidentes notificados.
- C) O uso responsable do SiNASP debe ser fomentado polos líderes dos centros sanitarios.
- D) Tódalas respostas anteriores son correctas.

108. Marisa está embarazada de 7 semanas, acode por primeira vez á súa consulta. Tendo en conta as recomendacións da Sociedade Española de Xinecología e Obstetricia (SEGO) e do documento de Consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal (Proceso asistencial) do Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Que información NON lle daría en relación á prevención de toxoinfeccións alimentarias?

- A) A Listeria pode sobrevivir a temperatura de refrixeración doméstica e é tolerante ao sal.
- B) As ensaladas listas para consumir asócianse á propagación de listeriose.
- C) A cocción, fritura, enornado ou prancha, matan o parasito anisakis spp cando se acadan os 60°C de temperatura polo menos durante un minuto en toda a peza.
- D) Os embutidos e carnes curadas deben conxelarse a –20°C durante 24 horas para poder ser inxeridos durante a xestación. Dado que os conxeladores domésticos son menos precisos e conxelan habitualmente a –18°C ou tardan máis en acadar temperaturas de –20°C ou inferiores, recoméndase un mínimo de 7 días de conxelación.

109. María refire o desexo de estar acompañada durante o parto pola súa irmá Marta. Durante o proceso de parto, a muller pode estar acompañada da persoa que desexe. Se as circunstancias clínicas non o fixesen aconsellable, o centro explicarlle os motivos de forma comprensible. Isto aparece reflectido na Lei de Saúde de Galicia como:

- A) Un dereito do paciente.
- B) Un deber do paciente.
- C) Protección especial.
- D) Instrucións previas.

110. Muller de 28 anos que foi diagnosticada de chancro brando. A información que debo darlle é a seguinte, EXCEPTO:

A) É un proceso moi contaxioso.

B) Debe evitar contactos sexuais ata a resolución completa do cadro.

C) O tratamento aos seus contactos sexuais está xustificadado.

D) As persoas que tiveron contacto sexual con ela dende os 60 días anteriores ao comezo dos síntomas, deberían ser examinados.